

CONSELLO PARROQUIAL BORA 01/12/16

ASISTENTES:

- Comunidade de Montes de Castrolampán
- AAVV de Bora
- Asoc. Cultural Amoriños de Bora
- Comunidade de Montes Pio Lameliña
- Veciños da parroquia
- Alberto Oubiña
-

O concelleiro delegado da parroquia Alberto Oubiña reúne cos membros do consello parroquial de Bora para presentar as vindeiras obras a realizar na parroquia, así como para recoller novas propostas. A xuntanza comenza coa seguinte orde do día:

- **SEGUIMENTO DE OBRAS**
- **OBRAS 1º TRIMESTRES 2017 PROPOSTAS POLO CONCELLO**
- **SUXESTIÓNS E PETICIÓNS**
-

SEGUIMENTO OBRAS

Están rematadas as seguintes obras:

- Construcción dos dous lombos na igrexa e, como solicitou o Consello Parroquial non afectan ao percorrido da procesión.
- Recollida de augas xunto ao lavadoiro da Lameliña.
- Melloras no cemiterio
- Tubaxes no acceso a unha vivenda.

Fai dous días que comenzaron co asfalto da pista que vai dende a Cardosa ata a igrexa. Rematarase antes do día 20 de decembro. As cunetas que quedas sen facer entrarán no orzamento do ano que ven.

OBRAS 1ª METADE 2017 PROPOSTAS POLO CONCELLO

As obras previstas na parroquia para a primeira metade do vindeiro ano son:

- Recollida de augas no barrio de O Teso. Esta obra non estaba solicitada polo consello parroquial pero é necesaria a súa realización.
- Seguir coa mellora na contorna do cemiterio
- Recuperación do chamado “camiño de misa” en Leirados
- Anchear unha zona do Salgueiral. Nos incendios deste verán non poideron acceder os camións de bombeiros co conseguinte risco para as vivendas da zona.

O Concello quere por en marcha as obras de mellora do adro da igrexa, solicitadas por este consello parroquial en anteriores xuntanzas.

- Retranqueo do muro
- Asento arredor da árbore

- Campo de petanca
- Prohibición de circulación
- Derrumbe do palco
-

Agora os membros do consello parroquial queren que se retrase esta obra e se refagan as actuacións presentadas coas novas peticións do consello parroquial. Éste é o motivo polo que a principios do vindeiro ano haberá outra xuntanza para que trasladen ao concelleiro as novas prioridades da parroquia.

Dende o Concello refarase novamente as propostas e na vindeira xuntanza decidirán entre todos as actuacións a levar a cabo

SUXESTIÓNS E PETICIÓNS

- Dous puntos de luz preto do centro social de Consello.
- Arranxo do lavadoiro de Consello.
- Recolocar contenedores preto da empresa me materiais de construción. Dita empresa apoderouse do espazo que ocupaba o contenedor que foi colocado invadindo a carretera co consiguiente perigo para as persoas que levan o lixo.
- Solicitan a colocación de máis contenedores de recollida selectiva de lixo. Ata que se firme o novo contrato non se poderán atender as solicitudes de novos contenedores
- Comprobar a titularidade dun camiño pegado ao monte no lugar de O Valo. Si é de titularidade municipal solicitan que se desbroce para evitar o consiguiente perigo de incendio.
- Recollida de augas na costa do Teso ata Mourente.
- No vindeiro Consello Parroquial traerán as ubicacións exactas dos carteis informativos que queren colocar pola parroquia.